



Proceso selectivo para a contratación laboral temporal de auxiliares de policía local.

Data: 07/08/2018.

Instrucións: seleccione a opción (só unha) que considere correcta de entre as posibles, incluídas as preguntas de reserva e marque a súa resposta no cadro de respostas cunha aspa (X). Se desexa anular a resposta marcada previamente, cubra a aspa (X) cun círculo (•).

1.- O mando inmediato da Policía Local corresponde en cada entidade local:

- a) Ó Pleno do Concello
- b) Ó Alcalde
- c) Ó equipo de Goberno
- d) Ó xefe do Corpo

2.- Non son Forzas e Corpos de Seguridade:

- a) As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado dependentes do Goberno da Nazón
- b) Os Corpos de Policía dependentes das Comunidades Autónomas
- c) Os Corpos de Policía dependentes das Corporacións Locais
- d) O persoal de seguridade privada

3. Quen ten especial obriga de auxiliar e colaborar en todo momento cas Forzas e Corpos de Seguridade?

- a) Todos os cidadás sexa cal sexa a súa nacionalidade
- b) Os cidadás españois e maiores de idade
- c) As persoas e entidades que exerzan funcións de vixilancia, seguridade ou custodia referidas ao persoal e bens ou servizos de titularidade pública ou privada
- d) Os cidadáns maiores de idade en calquera caso

4.- A obediencia debida poderá amparar ordes que entrañen a execución de actos que manifestamente constitúan delito:

- a) En caso de forza maior
- b) En ningún caso
- c) En caso de necesidade urxente
- d) En caso de perigo para a vida

5.- Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade deberán xurar ou prometer:

- a) Fidelidade ao Rei
- b) Acatamento á Constitución como norma fundamental do Estado
- c) Acatamento ao Rei e a Constitución
- d) Acatamento ao ordenamento xurídico

6.- Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade:

- a) Non poderán exercer en ningún caso o dereito de folga, nin accións substitutivas do mesmo
- b) Poderán exercer o dereito de folga nos supostos previstos constitucionalmente
- c) Non poderán exercer o dereito de folga salvo nos casos previstos legalmente
- d) Non poderán exercer o dereito de folga salvo nos casos previstos regulamentariamente

7.- Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade terán a todos os efectos legais o carácter de Axentes da Autoridade:

- a) No exercicio das súas funcións
- b) Só nos supostos legalmente previstos
- c) Só en supostos regulamentariamente previstos
- d) En calquera caso

8.- Coordinar a formación profesional das Policía Local, mediante a creación de Escolas de Formación de Mandos e de Formación Básica, é unha competencia atribuída a:

- a) Ó Ministerio do Interior
- b) Ó Ministerio de Administracións Públicas
- c) Ás Comunidades Autónomas
- d) Ás Xuntas de Seguridade Nacional

9.- As funcións da Policía Local son exercidas polo persoal que desempeñe funcións de custodia e vixilancia de bens, servizos e instalacións, ca denominación de Gardas, Vixiantes, Axentes, Alguaciles ou análogos, en:

- a) Calquera caso
- b) Ningún caso
- c) Todo caso
- d) Nos Concellos onde non exista Policía Local

10.- Cando se cometa delito de atentado, empregando na súa execución armas de fogo, explosivos ou outros medios de agresión de análoga perigosidade, que poidan poñer en perigo grave a integridade física dos membros dos Corpos de Policía Local, terán ao efecto da súa protección penal a consideración de:

- a) Funcionario público
- b) Autoridade
- c) Empregado público
- d) Axente público

11.- A limitación da velocidade en vías urbanas, por debaixo dos límites máximos establecidos, realizarase por:

- a) O Ministerio do Interior
- b) O Consello de Ministros
- c) O órgano competente da corporación municipal
- d) Eses límites de velocidade non admiten redución



12.- Están obrigados a obedecer os sinais de circulación que establezan una obrigación o una prohibición e a adaptar o seu comportamento ó mensaxe do resto dos sinais regulamentarias que se encontren nas vías polas que circulan:

- a) Todas as persoas maiores de idade
- b) Todas as persoas con capacidade de obrar
- c) Todos os usuarios das vías
- d) Todas as persoas sexan ou non usuarias das vías

13.- De todos os tipos de sinais de circulación son prioritarias sobre todas as demais:

- a) Sinais e ordes dos axentes da circulación
- b) Sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía
- c) Semáforos
- d) Sinais verticais de circulación

14.- A responsabilidade da autorización previa para a instalación nunha vía de outros sinais de circulación, corresponde a:

- a) O titular da vía
- b) Á Dirección Xeral de Tráfico
- c) Á Comunidade Autónoma na que se atope
- d) Ó Ministerio de Fomento

15.- Están obrigados a seguir as indicacións do persoal destinado á regulación do tráfico de obras nunha vía de circulación:

- a) Todos os usuarios da vía
- b) Só os peóns da vía
- c) Só os condutores que circulen por esa vía
- d) Todos os peóns da vía, pero non os condutores en caso de contradición con sinais estáticas

16.- Un peón, ¿está obrigado a someterse a unha proba de detección de alcohol no seu organismo?

- a) Non, os peóns están exentos.
- b) Si, pero só cando cometan unha infracción.
- c) Si, cando cometan unha infracción ou estean implicados nun accidente de tráfico.
- d) Todas son falsas.

17.- Uns ciclistas circulan en grupo e nunha intersección encóntranse que se aproxima pola dereita un turismo, ¿Quen ten preferencia?

- a) O turismo
- b) O grupo de ciclistas por ser mais vulnerable
- c) O grupo de ciclistas porque é unha excepción contemplada na lei de tráfico.
- d) Sempre o vehículo que se aproxima pola esquerda.

18.- ¿Cando se pode adiantar pola dereita?

- a) Nunca

- b) Cando estean ocupados todos os carrís, pode utilizarse arcén para adiantar.
- c) Cando o condutor do vehículo ao que se pretende adiantar estea indicando claramente o seu propósito de cambiar de dirección á esquerda ou parar nese lado.
- d) Cando sexa posible, atendendo ás circunstancias da vía.

19.- ¿Pódese parar e estacionar nunha zoa para uso exclusivo de persoas con discapacidade?

- a) Parar pódese, estacionar non.
- b) Non se pode parar nin estacionar
- c) Pódese estacionar si se leva encima un certificado médico que acredite unha minusvalía superior ao 33%.
- d) Pódese estacionar ata 3 minutos.

20.- ¿En qué idioma están escritos os sinais de tráfico?

- a) É obrigatorio que estean en castelán e na lingua propia da Comunidade Autónoma.
- b) Basta con que estean escritas en castelán, catalán ou galego. Si están en Vasco teñen que estar tamén traducidas ao castelán
- c) Nas Comunidades Autónomas con lingua propia poden figurar nesa lingua pero tamén teñen que estar en castelán.
- d) Sempre en castelán.

21.- Si alguén actúa contra o disposto na Lei de Seguridade Viaria, esa actuación considerárase

- a) Un delito.
- b) Unha infracción administrativa.
- c) Unha infracción administrativa ou un delito.
- d) Ningunha das anteriores.

22.- As infraccións por velocidade ...

- a) Son sempre graves.
- b) Son leves si non exceden en 10 km/h a velocidade máxima permitida no tramo de aplicación da sinalización.
- c) Son graves o moi graves.
- d) Poden ser leves ou graves.

23.- ¿Pódese manexar manualmente un navegador mentres se conduce?

- a) Si, porque non está prohibido.
- b) Non, e ten a consideración de infracción grave.
- c) Non, e ten a consideración de infracción moi grave.
- d) Si, sempre que non poña en risco a seguridade da circulación.

24.- Un axente de tráfico observa a un peón presuntamente ebrio que cruza a calzada fora de un paso de peóns, ¿pode sometelo á proba de alcoholemia?

- a) Non, só se somete a esta proba ós condutores.
- b) Si, xa que se pode someter a esta proba a calquera usuario da vía que cometa unha infracción.
- c) Si, pero só si está implicado nun accidente.

d) Unicamente se existe un risco para a seguridade.

25.- Si se paga a multa no prazo de vinte días, unha vez recibida a notificación, ¿Que procedemento sancionador se seguirá?

- a) O procedemento sancionador abreviado.
- b) O procedemento sancionador ordinario.
- c) O procedemento sancionador rápido.
- d) O procedemento disciplinario.

26.- Si se paga voluntariamente a multa no acto de entrega da denuncia, ¿concluirá o procedemento sancionador?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Non pode pagarse a multa no momento en que se recibe a denuncia do axente.
- d) Depende do tipo de infracción denunciada.

27.- ¿Ante quen se pode interpoñer un recurso de reposición no procedemento sancionador ordinario?

- a) Sempre ante o Director Xeneral de Tráfico.
- b) Sempre ante o Xefe ou Xefa Provincial de Tráfico.
- c) Sempre ante órgano que ditou a resolución sancionadora.
- d) Ante o instrutor do procedemento.

28.- As sesións plenarias poden ser:

- a) De carácter ordinario ou extraordinario.
- b) De tipo ordinario ou urxente.
- c) Presenciais ou telemáticas.
- d) Todas as anteriores son correctas.

29.- ¿Con canta antelación deben convocarse as sesións plenarias de carácter ordinario?

- a) Con ao menos 36 horas de antelación.
- b) Coa suficiente para garantir a asistencia de todos os concelleiros.
- c) Con ao menos 3 días naturais de antelación.
- d) Con ao menos 2 días hábiles de antelación.

30.- O Pleno queda validamente constituído:

- a) Cando asisten como mínimo a metade dos seus membros.
- b) Cando asisten como mínimo un cuarto dos seus membros.
- c) Cando asisten como mínimo un terzo dos seus membros, que nunca poderá ser inferior a 3.
- d) Coa asistencia do Alcalde e o secretario da Corporación.

31.- Segundo a normativa reguladora do réxime local, son entidades locais:

- a) As mancomunidades.
- b) As parroquias.
- c) Os consorcios.
- d) As comunidades autónomas uniprovinciais.

32.- Son órganos que existen en todos os concellos:

- a) A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.
- b) A Dirección Xeral de Contratación Administrativa.
- c) O Alcalde e os Tenentes de Alcalde.
- d) Os Consellos Sectoriais.

33.- Marque a afirmación verdadeira:

- a) A Xunta de Goberno Local existe en todos os concellos de poboación superior a 5.000 habitantes.
- b) En todos os casos a Xunta de Goberno Local debe ser creada por acordo do Pleno.
- c) A Xunta de Goberno Local estará sempre integrada por un número de concelleiros non superior á metade dos que integran o grupo político ao que pertence o Alcalde.
- d) Todas as anteriores son falsas.

34.- Marque a afirmación verdadeira: os Tenentes de Alcalde ...

- a) Son designados polo Pleno da Corporación.
- b) Cesan aos 3 anos do seu nomeamento.
- c) Sempre forman parte do grupo político ao que pertence o Alcalde.
- d) Asisten ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

35.- Marque a afirmación verdadeira: é atribución do Alcalde ...

- a) Aceptar a delegación de competencias feita por outras Administracións Públicas.
- b) Ditar bandos.
- c) A declaración de lesividade dos actos do concello.
- d) O control e fiscalización dos órganos de goberno.

36.- Marque a afirmación verdadeira: As ordenanzas municipais ...

- a) Son aprobadas inicialmente pola Xunta de Goberno Local.
- b) Para entrar en vigor debe publicarse completamente o seu texto.
- c) Exporanse ao público unha vez aprobadas definitivamente.
- d) Notifícaranse á Deputación Provincial en todo caso.

37.- As ordenanza fiscais:

- a) Entran en vigor despois de ser aprobadas provisionalmente.
- b) Entran en vigor unha vez aprobadas definitivamente e publicado o seu texto íntegro no boletín oficial da provincia ou comunidade autónoma uniprovincial.
- c) Entran en vigor aos 15 días de publicarse o seu texto íntegro no boletín oficial do concello.



d) Entran en vigor despois de publicarse o seu texto íntegro na sede electrónica do concello.

38.- Unha ordenanza municipal, unha vez aprobada inicialmente:

- a) Someterase a un trámite de información pública, anunciado na web do concello.
- b) Entrará en vigor se non se formulan alegacións durante o trámite de información pública.
- c) Debe ser ratificada polo Pleno despois do trámite de información pública.
- d) Someterase a un trámite de información pública por un prazo mínimo de 30 días.

39.- Son títulos habilitantes de natureza urbanística:

- a) A licenza e a declaración responsable.
- b) A declaración de ruína e o proxecto de reparcelación.
- c) A comunicación previa e a licenza urbanística.
- d) Os plans parciais e os plans especiais.

40.- É unha circunstancia modificativa da responsabilidade criminal:

- a) A adición a drogas tóxicas.
- b) A cooperación na comisión dos feitos.
- c) A autoría intelectual dos feitos.
- d) Calquera que aprecie xustificadamente o tribunal.

41.- Non ten a consideración de autor do delito:

- a) O indutor.
- b) O cooperador necesario.
- c) O cómplice.
- d) Todas son correctas.

42.- Marque a afirmación correcta:

- a) Non ten a consideración legal de venda ambulante a realizada en camións- tenda.
- b) É venda ambulante a realizada nos locais ou recintos ocupados por un certame feiral.
- c) O exercicio da venda ambulante require da presentación dunha comunicación previa.
- d) Correspóndelle aos concellos determinar os produtos obxecto de venda ambulante nos lugares previamente determinados.

43.- A apertura de establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos:

- a) Está suxeita á presentación dunha comunicación previa.
- b) Require da presentación dunha declaración responsable, agás nos supostos nos que se precisa de licenza.
- c) Precisa do informe favorable da Dirección Xeral de Avaliación da Calidade Ambiental.
- d) Unicamente precisa de licenza cando o local teña un aforo superior a 150 persoas.

44.- É unha falta disciplinaria moi grave das previstas na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia:

- a) O atraso ou negligencia no cumprimento das ordes recibidas.
- b) As faltas repetidas de puntualidade nos 30 días precedentes.
- c) Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas durante o servizo.
- d) A omisión intencionada do saúdo a un superior.

45.- Non é un principio básico de actuación dos membros dos corpos de Policía Local segundo o art. 7 da Lei 4/2007, do 20 de abril:

- a) A asistencia coa puntualidade debida para o cumprimento das súas funcións.
- b) Exercer as súas funcións con absoluto respecto á Constitución, ao Estatuto de Autonomía e ao resto do ordenamento xurídico.
- c) Colaborar coa Administración de Xustiza e auxiliala nos termos establecidos na lei.
- d) Impedir, no exercicio da súa actuación profesional, calquera práctica abusiva, arbitraria ou discriminatoria.

46.- Marque a resposta correcta: as infraccións urbanísticas ...

- a) Prescriben sempre aos 10 anos desde a finalización das obras ou da actividade.
- b) Implicarán a imposición de sancións aos responsables da súa comisión.
- c) Nunca conlevan a obriga de resarcir os danos que causaran.
- d) Consisten sempre na execución de obras sen título habilitante de natureza urbanística.

47.- Teñen a condición de veciños dun concello ...

- a) Quen residindo habitualmente no concello figuren inscritos no padrón municipal.
- b) Calquera persoa que resida no termo municipal.
- c) Quen teñen a veciñanza civil.
- d) Os españois que figuren inscritos no padrón habitantes.

48.- É unha función da Policía Local:

- a) Protexer a todas as autoridades presentes no termo municipal.
- b) Instruír os atestados por todos os accidentes de circulación acontecidos no concello.
- c) Cooperar na resolución de conflitos privados cando sexan requiridos para iso.
- d) Coordinar a execución dos plans de protección civil.

49.- Marque a afirmación correcta: os auxiliares de policía local ...

- a) Vestirán un uniforme claramente diferenciado do da Policía Local.
- b) Portarán armas de fogo coa previa autorización do Alcalde.
- c) Poderán ser contratados por períodos de ata 1 ano.
- d) Irán provistos dun documento de acreditación cun número de identificación precedido por unha "A" maiúscula.

50.- Os membros dos Corpos de Policía Local deben suxeitarse na súa actuación profesional aos principios de:

- a) Xerarquía e subordinación.



- b) Coordinación e simplificación.
- c) Discrecionalidade e control.
- d) Cooperación e celeridade.

PREGUNTAS DE RESERVA.

R1.- Unha vez presentada no concello unha comunicación previa de obra e abonadas as taxas correspondentes:

- a) O interesado pode iniciar a obra sempre e en calquera momento.
- b) O interesado debe agardar á aprobación municipal.
- c) En ningún caso pode iniciar a obra.
- d) Todas son falsas.

R2.- ¿Quen ten a obriga de empadroarse?

- a) Unicamente os españois que residan en España habitualmente.
- b) Non é obrigatorio empadroarse.
- c) Os españois e estranxeiros que vivan en España están obrigados a inscribirse no padrón do concello no que residan habitualmente.
- d) Unicamente os maiores de idade, no concello no que residan habitualmente.

R3.- Marque a resposta correcta: o prazo de inicio das obras ...

- a) Poderá prorrogarse sempre de oficio.
- b) Non poderá exceder de 6 meses.
- c) Non excederá de 1 ano natural.
- d) É de 15 días hábiles, contados desde o seguinte ao de notificación da concesión da licenza.

R4.- Non é unha atribución do Pleno:

- a) Representar ao concello.
- b) Aprobar inicialmente o planeamento xeral.
- c) Aprobar a relación de postos de traballo.
- d) Alterar a cualificación xurídica dos bens de dominio público.

R5.- Non é unha circunstancia modificativa da responsabilidade penal:

- a) A concorrencia dunha atenuante.
- b) O parentesco.
- c) A complicidade.
- d) A concorrencia dunha agravante.